



LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Caparrini Marín, Natalia
De Blas Varela, María Esther
Doval Ruiz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Pérez Vázquez, María Consuelo
Ramos Cabrer, Manuel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Souto García, Raquel

DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel
Cuiñas Gómez, Iñigo
Ferro Soto, Antonio Carlos
García Cutrín, Francisco Javier
García González, Silvia
Garrote Velasco, Gil
Pardo Froján, Juan E.
Rivo López, Elena
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Ruiz Hidalgo, Carmen

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Fálagan Mota, Jorge
Fernández Suárez, Emilio Manuel
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Lorenzo Rodríguez, M^a Edita de
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Porteiro Fresco, Jacobo
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar
González Santamaría, Pedro
Torres Outón, Sara M^a

ESTUDANTES

Balado Barciela, Adrián
Cambón Periscal, Ana
González López, Raquel
Rico Fuentes, Juan Jesús

PAS

Cebro Rodríguez, Xoan
Estévez Orge, Marcos
Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

González de Prado, Begoña
Pérez Gómez, Luis

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Cuevas Alonso, Miguel
Gómez Fariñas, Beatriz
Lavilla Beltrán, Isela
Reboreda Morillo, Susana

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 20 de marzo de 2019, convocada para as 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación.

Ás 10:05 h do día **20 de marzo de 2019** deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 22 de xaneiro de 2019.

Non se recibiron peticións de modificación na Secretaría Xeral nas últimas 24 horas, polo que a acta apróbase por asentimento.

2. Informe do Sr. Reitor.

O Sr. reitor informa dos seguintes asuntos:

- Sobre a CRUE, informa das negociacións na mesa de PDI; aprobouse o Estatuto do Persoal Investigador; tamén sobre a promoción dos asociados. Avanzouse pouco sobre internacionalización.
- Informa sobre as solicitudes de Universidade Europea do Atlántico, con outras 3 universidades europeas. Imos traballar nun POCTEP co resto das Universidades do SUG e tres do Norte de Portugal. Existe un acordo coa Universidade de Braganza, de cara a unha titulación dobre co Campus de Ourense.
- Informa sobre os catro graos que están en situación de perigo de peche. O Sr. Vicerreitor conseguiu que haxa matrícula durante este ano. Hai un plan de viabilidade de cara ao futuro para cada unha desas titulacións.
- Se fixo unha solicitude sobre o uso docente de dous Edificios dos Xulgados en Vigo. Consultouse coa Xunta e lles pareceu unha boa idea. Aínda non hai prazos, pero se manexa o 2021/22.
- Sobre robótica agroforestal non hai novidades, pero se estará atento para facer constar no Consello de Universidades os intereses da Universidade de Vigo.
- En canto as celebracións de festas, como os patróns da Escola de Industriais e a Escola de Telecomunicación, tentarase combater o consumo excesivo de alcohol nas instalacións dos Campus, facendo unha festa máis cultural.

- Impulsaranse módulos de formación sobre igualdade.
- Desbloqueouse o asunto relativo a ETEA e se sacará a concurso o Edificio Faraday en breve.

3. Modificación, se procede, dos Estatutos da AUNETI (Asociación de Universidades do Estado Español con titulacións oficiais de Tradución e Interpretación) á que se adheriu a Universidade de Vigo (C.G. de data 15/06/2016 e CS 29/04/2016).

O Sr. secretario xeral informa de que, na sesión do Consello Social de data 29 de abril de 2016, aprobouse a adhesión da Universidade de Vigo á Asociación de Universidades do Estado Español con titulacións oficiais de Tradución e Interpretación (AUNETI), sendo ratificada polo Consello de Goberno o día 15 de xuño de 2016. A solicitude de adhesión foi presentada polo departamento de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo, xunto cos estatutos da Asociación. Para proceder á adhesión foron preceptivos os informes de Asesoría Xurídica e do servizo de Control Interno, que foron favorables, xunto co informe favorable do Consello Social, e a aprobación do Consello de Goberno.

Segundo a acta do C.G. de dita data, a Asociación foi constituída a partir da Conferencia de Centros e Departamentos de Tradución e Interpretación, na que o Departamento de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo participaba xa dende o seu inicio. A Universidade de Vigo considerou estratéxico para os profesionais de Tradución e Interpretación da universidade participar nesta organización para garantir o mellor desempeño das súas funcións e da mellor capacitación das persoas que se forman neste campo.

O día 6 de marzo a Facultade de Traducción e Interpretación comunicou á Secretaría Xeral que o presidente da Asociación (tras tramitar o rexistro da mesma no Rexistro de Asociacións do Ministerio do Interior) lle indicara a todas as universidades adheridas que tiñan que facer unha corrección de erros nos Estatutos da Asociación. Feita a consulta sobre se era preciso someter á aprobación do Consello de Goberno e do Consello Social as modificacións dos Estatutos da Asociación, a Asesoría Xurídica sinalou:

“Que non se observa que as modificacións contraveñan a normativa vixente, pero que afectan á denominación da Asociación e incluso á súa natureza, xa que pasa de ser unha “Conferencia de centros e departamentos de tradución e interpretación” a unha “Asociación de Universidades do estado español con titulacións oficiais de tradución e interpretación”, polo que considera adecuado que a adhesión da Universidade se volvese a someter ao acordo dos órganos de goberno citados”.

Dado que, tal como sinalou a Asesoría Xurídica, as modificacións non afectan á normativa vixente, propónse ao Consello de Goberno a aprobación da modificación dos Estatutos da Asociación.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da modificación puntual nos Criterios de Elaboración da Programación Docente Anual (PDA) para o curso 2019/20.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado pasa a expoñer en que consiste a modificación proposta, que foi axuntada co resto da documentación achegada á presente convocatoria. O cambio ven motivado por un novo criterio introducido nas bolsas de centros (captación de alumnado) aprobado polo Consello de Goberno, que decidiu engadir un novo aspecto. Ao facer os números, parecen pouco razoables certas consecuencias (con bolsas esaxeradamente elevadas, por exemplo). Se propoñe introducir un límite máximo de 250 puntos por centro (o que arrojaría un máximo de 64 horas). A modificación soamente afecta a dous centros.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, dos recoñecementos docentes pola dirección de Proxectos Fin de Carreira.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado pasa a expoñer en que consisten os recoñecementos pola dirección de Proxectos de Fin de Carreira, que foron axuntados co resto da documentación achegada á presente convocatoria. Trátase de resolver un problema transitorio que xurdiu elaborando o POD, polo desfase dun ano nos recoñecementos concedidos. Propónse incluílo dentro do apartado doutros recoñecementos, polo que non é necesario modificar a normativa.

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da programación docente anual (PDA) nas titulacións de grao e de máster para o curso 2019/20.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado pasa a expoñer en que consiste a programación docente anual (PDA) nas titulacións de grao e de máster para o curso 2019/20 que foi axuntada co resto da documentación achegada á presente convocatoria. Agradece a todos os centros a colaboración prestada e ao equipo da Vicerreitoría. Comeza falando das PDA dos graos, que estarán accesibles na web proximamente. Pódense distinguir catro bloques: a) centros que se axustan á normativa; b) centros de PDA mínima, aos que non se aplica o TMG, se non que haxa un grupo, con axuste cero; c) centros en implantación (enxeñaría do espazo e enxeñaría biomédica); d) graos onde non se chegou ao axuste que esixía a normativa, que baixan en horas de PDA, aínda que non supoñe necesariamente unha redución de grupos, polo que se permitiu facer un axuste menor que o requirido pola normativa (todos os centros mandaron unha xustificación de cara aos axustes feitos). Dentro do derradeiro grupo, o Sr. vicerreitor menciona especialmente o caso da Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo, cuxo axuste foi informado desfavorablemente pola COAP, aínda que chegou un escrito recibido do colexio profesional de graduados sociais, solicitando activar o curso ponte de relacións laborais polo que a PDA quedaría como está, que debería ser aprobada. Tamén fala das solicitudes de cambio de adscrición de materias por parte dos Departamentos, moitas delas pola implantación dos novos graos. Amosa unha diapositiva con todas as peticións e as propostas da Vicerreitoría, en xeral tendentes a aceptar as propostas dos Centros, seguindo as indicacións da COAP e de anos anteriores. A maioría das cuestións xa se faláron entre os Departamentos afectados.

A Sra. Carmen Ruíz sinala que non entende a situación da súa Facultade, xa que non se axusta o dito polo Sr. vicerreitor á proposta aprobada pola Xunta de Facultade e pregunta se haberá un curso específico para o curso ponte. O Sr. vicerreitor aclara a situación, e que se manterán os dous grupos A en relacións laborais, pasando un dos grupos á tarde. A Sra. Carmen Ruíz pregunta pola situación do PCEO na Facultade de CC. Económicas e lembra que ela opúxose á devandita adscrición, xa que prexudica á PDA do devandito PCEO, por estar ubicado onde está. Manifesta polo tanto a súa oposición. O Sr. reitor agradecería que presentara a súa postura por escrito para que se axuntara a acta e indica que tal vez haxa que estudar a situación dos títulos compartidos por varios centros. A Sra. Carmen Ruíz indica que será enviada.

O Sr. Adrián Balado insiste sobre o curso ponte en relacións laborais e pregunta se haberá algún problema en impartilo, xa que non figura expresamente na PDA. O Sr. vicerreitor aclara que se consultou ao servizo e que non haberá problema.

Apróbanse as PDAs dos graos, coa discrepancia da Sra. Carmen Ruíz no apartado indicado supra, respecto á PDA do PCEO ADE-Dereito no Campus de Vigo.

O Sr. vicerreitor expón a continuación os axustes relativos ás PDAs dos máster, servíndose de diversas diapositivas ao efecto. Os axustes foron escasos e de pouca entidade con carácter xeral. Todos os axustes foron xustificados polos centros e aprobados previamente pola COAP.

O Sr. Carlos Ferro intervén sobre o máster Administración Integrada de Empresas para aclarar cal foi a petición presentada, e indica que quedarían 40 horas sen cubrir. O Sr. vicerreitor aclara que a presencialidade non se axusta ás memorias en moitos casos polas limitacións que temos. O Sr. Ferro pregunta polo que se lle dirá á comisión avaliadora neste caso. O Sr. vicerreitor aclara que nese ítem o máster xa ten unha cualificación de B e que se traballará para que as limitacións sexan cada vez menores.

A Sra. Mónica Siota fai unha petición en canto ao máster de Avogacía da Facultade de Dereito e pregunta por 13 horas máis que foron solicitadas. O Sr. vicerreitor indica que na COAP aprobáronse as bolsas sen que fose posible negocialas.

Apróbanse as PDAs dos máster por asentimento..

7. Aprobación, se procede, do límite de prazas nas titulacións de grao e de máster para o curso 2019/20.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado expón o límite de prazas nas titulacións de grao e máster para o curso 2019/20, que foron axuntados co resto da documentación achegada á presente convocatoria. Indica que hai que aprobar o límite de prazas á Xunta que, á súa vez, deberá enviala ao Ministerio, aínda que se está a facer unha nova instrución por parte da Consellería, polo que pode que haxa que facer algunha modificación, aínda que se mandará á Xunta o que se aprobe hoxe aquí. Case todos os centros solicitan as mesmas prazas, salvo no caso de tres graos xa existentes e de dous novos. O Sr. Francisco Rodríguez aclara a petición da Escola de Informática de Ourense, que inclúe un número de prazas para o dobre grao. O Sr. vicerreitor sinala certas eventuais modificacións por parte da Xunta, que non permitirá posiblemente solicitudes dun incremento maior a un 10% do número que figura na memoria. O Sr. vicerreitor fala doutras modificacións menores. Finaliza expoñendo as modificacións do límite de prazas solicitadas nos másteres (son 8).

Apróbanse os límites de prazas nas titulacións de grao e máster para o curso 2019/20 por asentimento.

8. Aprobación, se procede, das declaracións de interese de novas titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2020/21.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado expón as declaracións de interese de novas titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2019/20, que foron axuntadas co resto da documentación aportada á presente convocatoria. O Sr. vicerreitor fala das novas solicitudes (2 nos graos e 4 nos máster). Non foi informada favorablemente na COAP a proposta do grao en Xeoloxía e o Sr. reitor indica que a día de hoxe o mapa de titulacións esta pechado de cara aos graos e que estase a negociar coa Xunta que a implantación do grao en Deseño e Creación se descuenten da titulación de Belas Artes, que é existosa). Nos máster todas foron aprobadas. Para montar un novo máster (salvo que sexa estratéxico) hai que dar un de baixa, o que sucede neste caso. En segundo lugar, informa das peticións de modificacións, a maioría menores, salvo dous: o grao en Dirección e Xestión Pública e o grao en Ciencias da Linguaxe, que están en perigo polo que as modificacións deben ter máis calado. Tamén hai dous peticións de centros adscritos: a de IESIDE (que non foi aceptada polos centros da Uvigo nin pola COAP) e a da Escola María Sapientiae (que tampouco foi aceptada polos centros implicados que imparten o título como propio na Uvigo nin pola COAP); en canto a Enfermaría, chegou unha solicitude de tres centros solicitando unha modificación, que non é aceptada polo carto centro: agardarase a que presenten a memoria, aínda que sexa favorable a declaración de interese. Pasa a falar das modificacións solicitadas polos másteres, todas con informe favorable da COAP. Hai peticións de modificación de dous programas de doutoramento que teñen o informe favorable da EIDO. Hai unha solicitude de extinción de máster que chegou o luns e non puido pasar pola COAP.

Apróbanse por asentimento as declaracións de interese aprobadas pola COAP.

9. Aprobación, se procede, das Normas Básicas de POD para o curso 2019/20.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado expón as normas básicas de POD para o curso 2019/20, que foron axuntadas co resto da documentación achegada á presente convocatoria. Pasa a sinalar as principais modificacións respecto á normativa anterior: a) O primeiro é o relativo á prelación a ter en conta de cara ao profesorado, seguindo os principios de xerarquía e antigüidade en caso de conflito para elixir docencia (como fan noutras universidades e de acordo co informe da Asesoría Xurídica ao respecto). b) No Anexo II modifícanse os criterios para sacar a concurso unha praza de profesorado contratado doutor (que se axusta de 320 a 280 horas). c) Recupérase unha cláusula presente en normativas anteriores destinada á cobertura da docencia nos meses de setembro e outubro no caso de retraso nos concursos de profesorado. Consultouse cos departamentos principalmente afectados no caso a).

A Sra. Carmen Ruiz indica que non ten claro a situación do profesorado titular interino e do contratado doutor interino, respecto ao profesor titular de escola non doutor. Tamén pregunta polo profesorado axudante doutor, cuxa elección de docencia, suxeita a dúas condicións, e non sabe si son alternativas ou acumulativas. O Sr. vicerreitor responde que o informe da Asesoría Xurídica sinala a xerarquía no punto preguntado e que os funcionarios teñen preferencia. A Sra. Carmen Ruiz solicita un informe da Asesoría Xurídica ao respecto. En relación coa outra pregunta, o Sr. vicerreitor aclara que se mantivo a segunda condición na COAP porque xa estaba fixada en anos anteriores, aínda que non o tiñan claro. Parece, en todo caso, que se teñen que cumprir as dúas condicións. O Sr. Íñigo Cuiñas aclara cal é o sentido da segunda condición. O Sr. reitor aclara que estas cuestións foron acordadas na mesa de negociación do PDI, particularmente a relativa á xerarquía do profesorado. A Sra. Mónica Siota indica que non se fai mención aos criterios de conciliación da vida familiar e laboral. O Sr. vicerreitor indica que, ao figurar nunha lei superior, xa son de aplicación directa. O Sr. Antonio Collazo solicita que este tipo de normativa sexa consultada previamente cos Departamentos e comenta certos aspectos relativos á redacción da norma, onde bota en falta cuestións e matices que contribuirían a aclarala, particularmente en canto a prelación do profesorado, insistindo na necesidade de solicitar un informe á Asesoría Xurídica. O Sr. reitor solicita boa vontade á hora de votar, xa que a normativa foi negociada cos sindicatos, entendendo que todas as suxestións poderán aceptarse de cara a documentos futuros. Xa hai un informe xurídico e sentencias. O Sr. García Cutrín quéixase de que esta normativa pode facer xurdir problemas no resto dos departamentos e pensa que é innecesaria e mostra a súa sorpresa pola equiparación do profesorado contratado doutor cos profesores titulares de escola. O Sr. reitor aclara que son titulares de escola doutores. O Sr. vicerreitor descúlpase por non ter enviado o proxecto de normativa aos Departamentos e que estase a estudar unha normativa para cubrir docencia en caso de necesidades sobrevidas. Pensa que a normativa será útil para resolver problemas de xeito anticipado e non para crealos. O Sr. Adrián Balado reclama que o criterio de antigüidade debería ser na materia e bota en falla unha alusión ás avaliacións docentes. O Sr. reitor sinala que non é posible de cara ao que sinalan ás indicacións previstas pola Lei galega matizadas polas sentenzas firmes recibidas. O Sr. Cruz pregunta pola necesidade de concentración de docencia en un solo cuatrimestre. O Sr. vicerreitor aclara o sentido da norma. O Sr. Javier García Cutrín aclara os que, ao seu entender, son os problemas de elección da docencia e que a normativa non resolve, polo que entende que non é necesaria.

Faise unha votación.

Votos a favor: 27

Votos en contra: 0

Abstencións: 13

Apróbese a normativa básica do POD.

10. Aprobación, se procede, do Plan de Promoción a Profesor/a Titular e Catedrático/a na Universidade de Vigo.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado expón as liñas principais do Plan de Promoción a Profesor/a Titular e Catedrático/a na Universidade de Vigo, que foi axuntado co resto da documentación achegada á presente convocatoria. Inicia a súa explicación aclarando as negociacións previas. O Plan pretende abordar o problema das bolsas de persoas acreditadas, pendentes do exercicio do seu dereito á promoción (acreditados como titulares ou catedráticos/as). A mellora da situación económica permite abordar a situación, que é o que pretende o plan, utilizando o criterio de antigüidade na promoción, xa que se concibe a promoción como un dereito individual, que é un criterio amplamente compartido a nivel nacional. A continuación, explica as liñas básicas do plan. Espera poder baleirar as bolsas en dous ou tres anos. Non se chegou a acordo na mesa de negociación, polo que pode ser debatido. A Sra. Begoña González de Prado aclara as discrepancias na mesa de negociación. O Sr. Luís Pérez da lectura a un escrito do 20 de marzo de 2019, dos representantes da CIG na mesa de PDI, solicitando uns informes xurídicos ao respecto e sinalando que ao non recibir os devanditos informes, vai votar en contra: “A CIG de funcionarios quere queixarse de que na mesa do 28 de febreiro de 2019 a Reitoría non lle entregou os informes xurídicos sobre Criterios para a promoción ás prazas dos corpos docentes universitarios na Universidade de Vigo e Criterios para a elaboración das Ofertas de Emprego Público do PDI da UVigo, os cales lle requirira nunha mesa anterior e por rexistro. A CIG de PDI funcionarios solicita que a Reitoría lle dea eses informes e volva levar os dous criterios á mesa de negociación do PDI. Ademais, lembramos que o Consello de Goberno debe ter os informes xurídicos solicitados por nós antes de someter a votación os dous criterios mentados”.

O Sr. Xan Cebro aclara por que vai votar en contra deste punto e do seguinte, ao fallar o consenso na mesa de negociación, ao seu entender. O Sr. Emilio Fernández Suárez sinala que se perde unha oportunidade de conseguir un maior consenso en torno ao documento presentado. Pensa que é necesario dar a coñecer a cronoloxía do proceso de negociación, no que había certo consenso en torno aos fins. Bota de menos mais datos e unha maior diagnose da situación, así como outros criterios xunto co da antigüidade na acreditación (por exemplo, a idade); fala tamén do documento relativo á Oferta de Emprego Público. Pensa que hai que facer un debate entre os dereitos individuais e os da institución. Pensa que a política de PDI debe facerse co maior consenso posible. O Sr. reitor felicita ao Sr. Fernández Suárez pola súa intervención e o traballo feito nas negociacións; sinala que hai un cambio de política, xa que pensa que todas as persoas acreditadas teñen dereito á promoción e que, posteriormente, se terá en conta o equilibrio entre ámbitos, de cara ao futuro. Entende que non hai problema en utilizar a antigüidade como criterio. Bota en falta non poder ter en conta a preferencia daquelas persoas que quedaron sen praza en 2012, polas dúbidas na legalidade do criterio. Agradece a labor da oposición. O Sr. Cruz Freire bota en falta tamén a preferencia das prazas de 2012 e pensa que sería necesario un informe da Asesoría Xurídica respecto á legalidade do documento e pensa que o plan de promoción de titularidades e de cátedras podería ser independente. Tamén fala de certas incoherencias que, ao seu xuízo, derivan da redacción da proposta.

O Sr. secretario xeral aclara a normativa vixente, indicando que, ao seu xuízo non existen ilegalidades na proposta, e sinala que, no momento actual, tratase tan só de ordenar a saída de prazas de promoción nun prazo de dous ou tres anos, para baleirar a bolsa de persoas acreditadas. Estas atópanse neste intre en condicións de igualdade de méritos e de capacidade -ata o momento en que se celebren os concursos de acceso, onde os méritos serán de novo examinados-, precisamente por ter superado todas elas o procedemento de acreditación. Ata a celebración dos concursos de acceso, todas elas deben poder aspirar á promoción (precisamente, nas condicións de igualdade, capacidade é mérito en que todas elas están), dereito ao que, polos motivos expostos, unicamente é posible entón dotar de eficacia a través do criterio da antigüidade, en estrito respecto á legalidade vixente. O Sr. vicerreitor de Profesorado entende que o criterio de igualdade de xénero para o desempate pode pasar ao quinto lugar. A Sra. Begoña González de Prado tamén bota en falta a alusión ás prazas de 2012. O Sr. Luis Pérez pregunta pola

situación das persoas acreditadas antes de 2012 e pola situación de persoal fixo das persoas contratadas doutoras.

Procédese á votación.

Votos a favor: 24

Votos en contra: 7

Abstencións: 8

Apróbase a normativa, co cambio proposto relativo á prelación nos criterios de desempate, que pasa ao quinto lugar.

11. Aprobación, se procede, dos Criterios para a Elaboración das Ofertas de Emprego Público de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado expón os criterios para a elaboración das OEP do PDI da UVigo, que foron axuntados co resto da documentación achegada á presente convocatoria. Sinala cales son os números relativos ás prazas ofertadas, destinadas a baleirar as bolsas de persoas acreditadas o mais rápido posible e indica o resto dos obxectivos de cara ao futuro. Indica que non se chegou a acordo na mesa de negociación. O Sr. Luis pide que conste en acta o documento lido no punto anterior. Do mesmo xeito, O Sr. Xan Cebro.

Procédese á votación.

Votos a favor: 25

Votos en contra: 7

Abstencións: 6

Apróbanse os criterios para a elaboración das Ofertas de Emprego Público do Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo.

12. Aprobación, se procede, do Plan de Estabilización e Promoción de Profesorado Asociado Acreditado da Universidade de Vigo.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado expón as liñas básicas do Plan de Estabilización e Promoción do Profesorado Asociado Acreditado da UVigo, que foi axuntado co resto da documentación achegada á presente convocatoria. Explica que o plan vai en liña co feito noutras Universidades e co contido dos traballos da CRUE. Fala do uso e abuso da figura do profesor asociado. Entende que estas persoas teñen dereito a promocionar na Universidade, sempre que leven contratadas 7 anos no últimos 8 e coa antigüidade de 1 ano na acreditación como axudante doutor. Este dereito está recoñecido por sentenzas xudiciais. Son 33 prazas as que se presentan. O Sr. reitor intervén para defender as bondades do plan.

O Sr. Xan Cebro fala da necesidade de estabilización deste profesorado, aínda que non se manifesta nin a favor nin en contra da normativa. Inquire polos compromisos relativos á estabilización e promoción do PAS adquiridos polo equipo de goberno durante a campaña. Anuncia a súa abstención neste punto. O Sr. Javier García Cutrín adianta o seu voto negativo, por non entender a filosofía da normativa. O Sr.

Pedro González Santamaría defende o plan, alegando as necesidades de estabilización deste persoal, e valora positivamente a normativa, aínda que indica que queda por debaixo doutros existentes noutras universidades. Sinala que existe un consenso maioritario nas negociacións levadas a cabo. O Sr. vicerreitor aclara que a transformación directa non é posible, en principio, polas esixencias da normativa galega. A Sra. Edita de Lorenzo queixase da denominación do plan, que non lle parece a mais adecuada, e fala das funcións atribuídas ao profesorado asociado na Universidade; pensa que habería que buscar outras vías e solucións para resolver a situación das persoas afectadas e poñe en dúbida a legalidade do plan. O Sr. Antonio Collazo simpatiza co problema do profesorado asociado, pero na redacción do documento chócalle a preferencia manexada na prelación de méritos e propón que a antigüidade na acreditación pase a ser o primeiro. O Sr. Pedro González Santamaría defende a bondade da prelación fixada no documento. O Sr. vicerreitor aclara por que non se chegou a un acordo na mesa de negociación e o ámbito temporal do plan (3 ou 4 anos).

Acórdase, a proposta do reitor, cambiar no título do documento o término “plan” por “medidas” e “estabilización” por “promoción”

Procédese á votación.

Votos a favor: 27

Votos en contra: 5

Abstencións: 6

Apróbese o documento cos cambios propostos respecto ao seu título.

13. Aprobación, se procede, da saída a concurso dunha praza de Profesorado Contratado Doutor na área de Enxeñaría Aeroespacial

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado sinala a necesidade de sacar a concurso unha praza de Contratado Doutor na área de Enxeñaría Aeroespacial. O Sr. vicerreitor explica a traxectoria desta praza, vinculada ás necesidades estruturais de docencia da titulación e do perfil do profesorado existente.

Apróbese por asentimento.

14. Aprobación, se procede, do PCEO do Grao en Enxeñaría Mecánica e o Grao en Enxeñaría Biomédica, e do PCEO do Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática e o Grao en Enxeñaría Biomédica.

O Sr. vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado fala das propostas de PCEO do Grao en Enxeñaría Mecánica e o Grao en Enxeñaría Biomédica, e do PCEO do Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática e o Grao en Enxeñaría Biomédica. Indica as orixes das propostas, que levan xa certo tempo pendentes. A COAP deu a súa aprobación (non por asentimento), así como o centro afectado. As prazas retiráronse da Enxeñaría Biomédica, aínda que non cumpre estritamente coa normativa existente a este respecto da Xunta de Galicia.

O Sr. Íñigo Cuiñas aclara certos puntos respectivos as titulacións presentadas e recorda o íter seguido na aprobación das mesmas. Fai referencia ás negociacións de xullo de 2017. Pensa na oportunidade perdida de facer un grao en Enxeñaría Biomédica sen as restricións que incorpora a orde CIN dos graos de Enxeñaría Técnica Industrial, que non ten aplicación na Biomédica pero que a Escola aplica para poder ser quen de impartir os dobres graos . Xustifica a súa abstención.

Procédese á votación.

Votos a favor: 29

Votos en contra: 0

Abstencións: 8

Apróbase o PCEO do Grao en Enxeñaría Mecánica e o Grao en Enxeñaría Biomédica, e o PCEO do Grao en Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática e o Grao en Enxeñaría Biomédica.

15. Renovación, se procede, da composición da Comisión de Biblioteca.

A Sra. vicerreitora de Investigación indica a composición da Comisión de Biblioteca, que foi axuntada xunto co resto da documentación correspondente á presente convocatoria. A proposta xa fora presentada no CG, pero faltaba a documentación.

Apróbase por asentimento.

16. Aprobación, se procede, do Programa de Retención de Talento para 2019.

A Sra. vicerreitora de Investigación expón as liñas básicas do programa de retención de talento para 2019. O programa é similar ao de 2018. Consta de 18 contratos para investigadores/as distinguidos/as, por tres anos. Detalla os requisitos que deben cumprir as persoas candidatas, así como certas puntualizacións e cambios respecto da normativa do ano anterior. Tamén indica as obrigas e dereitos deste tipo de persoal. Propón unha leve modificación técnica respecto do documento proposto.

O Sr. Emilio Fernández sinala dúas dúbidas ao respecto: a orde de prelación (dado que o número de persoas candidatas, en principio, é igual ao das prazas); en segundo lugar, fala das 80 horas de clase esixidas, xa que as prazas van destinadas en moitos casos a áreas con pouca docencia, e pregunta se pode haber solucións ante posibles problemas dentro das áreas para escoller docencia. A Sra. vicerreitora aclara o sentido da norma e indica que desde a Vicerreitoría non poñerá problema para que estas persoas impartan a docencia que necesiten. O Sr. reitor indica que na mesa de negociación non se prestou atención a este asunto. A Sra. vicerreitora de Investigación continúa aclarando as condicións do programa, particularmente, a comunicación destinada aos departamentos en relación coa docencia prevista para as persoas destinatarias do programa. O Sr. Gil Garrote pregunta pola capacidade para pedir proxectos das persoas que acaden as prazas. O Sr. reitor sinala os mecanismos posibles a este respecto e, no mesmo sentido, a Sra. vicerreitora de Investigación.

Apróbase por asentimento.

17. Creación da Comisión de Convenios, Cursos e Contratos do artigo 83 da LOU e aprobación da súa composición, se procede.

A Sra. vicerreitora da Transferencia expón a necesidade de creación da Comisión de Convenios, Cursos e Contratos do artigo 83 da LOU e indica cal será a composición prevista, segundo a documentación que foi axuntada á presente convocatoria. Aclara que está prevista na normativa da Universidade de Vigo a creación da Comisión. Da lectura aos candidatos e candidatas previstos.

Apróbanse por asentimento a creación da comisión e a composición proposta pola Sra. vicerreitora.

18. Aprobación, se procede, do acordo das Universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios de grao no devandito sistema para o curso 2019/2020

A Sra. vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria expón as liñas do acordo das Universidades do SUG sobre procedementos de admisión aos estudos universitarios no grao para o curso 2019/20, que foi axuntado co resto da documentación achegada á presente convocatoria. Trátase dunha proposta consensuada entre as tres Universidades do SUG sen cambios respecto do ano pasado.

Apróbase por asentimento.

19. Aprobación, se procede, da proposta de prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2019-2020.

A Sra. vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria expón a proposta de prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2019-2020, que foi axuntada co resto da documentación achegada á presente convocatoria. Incrementábase o IPC.

Apróbase por asentimento..

20. Aprobación, se procede, da proposta de adhesión da Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo da Universidade de Vigo á *Asociación Olimpiada Española de Economía*.

O Sr. secretario xeral indica que a Decana da Facultade de CC. Empresariais e Turismo, Dna. Elena Rivo López, presentou un escrito solicitando a adhesión da Facultade de CC. Empresariais e Turismo da Universidade de Vigo á “*Asociación Olimpiada Española de Economía*”. Dita solicitude foi aprobada pola Xunta de Facultade o día 6 de xullo de 2018. No escrito sinala que dita Asociación se crea coa finalidade de divulgar os estudos de Economía e Empresa entre os mozos, premiar o esforzo e a excelencia académica dos estudantes de bacharelato e establecer e fortalecer vínculos estables entre a ensinanza universitaria e outros niveis educativos; que a tal efecto, organiza anualmente a Olimpiada Española de Economía, ademais de realizar outras labores de publicidade e coordinación; e que a Facultade de CC. Empresariais e Turismo da Universidade de Vigo iniciou a súa participación na organización da fase local da Olimpiada Española de Economía no curso académico 2012/2013.

Manifesta a Decana que a Facultade de Empresariais e Turismo coincide plenamente nos obxectivos perseguidos por dita Asociación, que ten interese en seguir organizando a fase local da Olimpiada en Economía e na participación na fase nacional, polo que considera necesario que a Universidade de Vigo e, no seu nome, a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, forme parte da “*Asociación Olimpiada Española de Economía*”.

A Sra. Elena Rivo aclara os motivos que levaron á petición.

Apróbase por asentimento

21. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por María Montserrat Cruz González contra acordos do Consello de Dpto. de Organización de Empresas e Marketing, celebrado o 16/01/19, sobre cambio de adscrición.

O Sr. secretario xeral indica que a Asesoría Xurídica informou este recurso no sentido de retrotraer o procedemento para requirir ao Consello de Departamento a emisión do informe correspondente, coa oportuna motivación, no prazo de dez días. Trala emisión do informe, o mesmo debería ser remitido á COAP para que acorde a decisión definitiva sobre o cambio de adscrición de Campus.

O Sr. Carlos Ferro sinala certas imprecisións no texto do recurso e describe a traxectoria dos feitos. Entende que houbo certos erros na comunicación dun primeiro escrito da interesada por parte do Rexistro. Falouse coa profesora afectada, recomendándolle presentar unha solicitude por correo electrónico, que foi presentada o 14 de decembro, convocándose o consello de departamento en sete días. No consello de departamento cuestionouse que non había criterios para emitir o informe. Votouse retrasar a adopción do informe ata o momento en que existisen os criterios. Convocouse outro consello para aprobar os criterios e, como resultado, os informes deberán aprobarse no momento en que se coñezan os POD. O Sr. Director pensa que non debería ser competencia dos Departamentos elaborar estes informes. Aclara que o 100% da docencia da devandita profesora atópase dende fai varios cursos no Campus de Ourense.

A Sra. Carmen Ruíz expón un caso semellante acontecido no seu Departamento e dubida sobre a legalidade de admitir o recurso. O Sr. reitor pide que se respecte o informe emitido pola Asesoría Xurídica.

Apróbase solicitar o informe no sentido exposto pola Asesoría Xurídica.

22. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por Francisco Fernández Massaguer contra o acordo de informe desfavorable da Xunta de Escola da E.E. de Telecomunicación do día 19/12/18, sobre a súa actividade docente.

O Sr. secretario xeral indica que a Asesoría Xurídica incide na falta de motivación do acordo da Xunta de Escola da E.E. de Telecomunicación e que deben retrotraerse as actuacións ao momento da emisión do mesmo, coa finalidade de elaborar un novo informe motivado. O Sr. Íñigo Cuiñas queixase do procedemento destinado á solicitude de quinquenios de docencia e fala da pulcritude do proceso levado a cabo na Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións. Incide especialmente na situación que implica unha votación a este respecto, na que o resultado pode ser positivo ou negativo. Propón modificar a normativa de quinquenios. O Sr. reitor acepta que o sistema é imperfecto e que debe cambiarse. O representante do alumnado pide os resultados da votación e entende que a postura da Escola está clara. O Sr. reitor indica que deben respectarse as normas que esixen a motivación en caso negativo. O Sr. Xosé Pazos entende que debe terse en conta se existen incumprimentos docentes, que teñen que ser probados. O Sr. Carlos Mollinedo entende que este asunto está viciado e que non debería haber recurso. O Sr. Luis Pérez cuestiona a lexitimade das votacións positivas sobre o asunto. O Sr. Alfredo González intervén para criticar o sistema de queixas e indica o difícil que é probar certos incumprimentos por parte do profesorado. Sinala que dificilmente se pode volver a votar coa mesma base. O Sr. Íñigo Cuiñas solicita que se poda aportar a información que se considera relevante de cara á votación na Escola.

O Sr. Íñigo Cuiñas pide que conste en acta a súa abstención na votación.

O Sr. reitor propón a votación.

Votos a favor: 23

Votos en contra: 4

Abstencións: 7

Apróbase resolver o recurso no sentido proposto pola Asesoría Xurídica.

23. Celebración de eleccións para cubrir as seguintes prazas vacantes:

O Sr. reitor informa das seguintes cuestións en relación coa cobertura de prazas vacantes:

a) Na Comisión de Planificación e Asuntos Económicos, delegada do Consello de Goberno: 1 praza vacante de estudante.

Presentou a súa candidatura o estudante D. Adrián Balado Barciela. Dado que só hai unha candidatura non é preciso celebrar eleccións.

b) Na Comisión de Investigación, delegada do Consello de Goberno: 1 praza vacante de estudante.

Non se presentaron candidaturas, polo que non é preciso celebrar eleccións.

c) Na Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado: 1 praza vacante de estudante.

Non se presentaron candidaturas, polo que non é preciso celebrar eleccións.

d) No Comité de Dirección da EIDO: 1 praza vacante de PAS; 1 de estudante do ámbito Campus do Mar; 1 de estudante do ámbito Científico; 1 de estudante do ámbito Tecnolóxico.

Non se presentaron candidaturas, polo que non é preciso celebrar eleccións.

24. Rolda de intervencións.

O Sr. reitor da paso á rolda de intervencións.

O Sr. Javier García Cutrín expón que o seu departamento debeu contratar a un invitado que aínda non cobrou. En segundo lugar, fala dos feitos acontecidos na Facultade de CC. Económicas e Empresariais, respecto da agresión a un profesor, lamentando os feitos. Pregunta sobre o que se fixo. O Sr. secretario xeral aclara a situación, xa que o asunto está sub iudice, e hai que agardar a que remate o proceso penal en curso para tomar medidas. O Sr. Jorge Fálagan da traslado do acordo adoptado pola Facultade de CC. Económicas e Empresariais, que comunicará á Secretaría Xeral (**Anexo I**). Proponse a aprobación dunha normativa que desenvolva a normativa estatal sobre disciplina académica. O Sr. Íñigo Cuiñas reitera a súa petición en torno á modificación da normativa de quinquenios e quíxase dos sinais que actualmente están instalados e que non sinalan a dirección da Escola mesmo en fronte dela. O Sr. Emilio Fernández quere coñecer a situación da nova Universidade privada de Abanca. O Sr. reitor indica que non hai novidades a este respecto e propón levar o asunto ao Claustro. O Sr. Emilio Fernández está de acordo na conveniencia dun posible pronunciamento do claustro.

A Sra. Carmen Ruíz quere que conste o malestar dos Departamentos de Dereito e da Facultade de CC. Xurídicas e do Traballo sobre a falta de bibliografía destinada á adquisición de monografías, e pide que se volva a estudar este asunto polo órgano que corresponda. O Sr. reitor sinala que foi un erro e que se ía a arranxar tecnicamente, pero que haberá unha partida destinada ao efecto e que estase a estudar a optimización dos cartos destinados á biblioteca. A Sra. vicerreitora de Investigación espera traer unha

proposta ao próximo Consello de Goberno. O Sr. Carlos Mollinedo pregunta polas multas de aparcamento no Campus de Pontevedra. O Sr. reitor aclara que o asunto está sendo estudado polo vicerreitor do Campus. A Sra. Raquel, representante do alumnado queíxase de que nos quinquenios non se valoren certos aspectos (enquisas, etc...). Pénsase que na futura normativa disciplinaria debe incluírse ao profesorado.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:40 h do día 20 de marzo de 2019, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor

O secretario xeral

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez